



ORDENANZA POLA QUE SE CREAN OS FICHEIROS CON DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Exposición de motivos.-

O Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, no seu carácter de Entidade local a tenor do disposto polo artigo 149 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia e en relación co disposto polos artigos 7 e 27 dos seus estatutos, debe dar cumprimento ao disposto pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, toda vez que xestiona ficheiros de datos de carácter persoal e debe asegurar á cidadanía o exercicio dos seus lexítimos dereitos e a debida protección dos seus datos.

É responsabilidade das administracións locais o concerner á creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter persoal. O artigo 20 da citada Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, establece que a creación, modificación ou supresión de ficheiros das Administracións Públicas deberá facerse por disposición de carácter xeral e, no concerner ás Entidades locais o artigo 53 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da dita Lei orgánica, remite á lexislación específica de aquelas en orde á dita aprobación. Esa lexislación específica, áchase contida na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, especialmente o seu artigo 49 (en redacción operada pola Lei 11/1999).

En consecuencia, e no cumprimento da repetida Lei orgánica e regulamento de desenvolvemento, así como en atención ao previsto polo artigo 49 da Lei reguladora das bases do Réxime local, a presente disposición crea e regula os ficheiros de datos de carácter persoal xestionados por este Consorcio nos termos contidos na mesma.

Artigo 1. Creación de ficheiros.

Se crean os ficheiros e bases de datos de carácter persoal que se relacionan no Anexo I da presente norma, conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e nos termos e condicións fixados no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita Lei.

Artigo 2. Procedemento.

O procedemento para a creación destes ficheiros de carácter persoal se levará a cabo conforme ao establecido na Lei 7/1985 Reguladora das bases do Réxime local, sobre a elaboración de ordenanzas o normativa, no seu caso, que a substitúa.

Artigo 3. Medidas de seguridade.

Os ficheiros, independentemente do soporte no que se atopan, que pola presente Ordenanza se crean, cumpren as medidas de seguridade establecidas no citado Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro.



Artigo 4. Responsabilidade dos ficheiros.

A responsabilidade sobre os ficheiros corresponde ao Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, titular das competencias de administración e goberno do mesmo, sito en: Rúa do Bronce, parcela G2, Polígono Industrial de Bértoa, 15105, Carballo (A Coruña).

Artigo 5. Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos.

As persoas afectadas polos ficheiros automatizados e manuais estruturados, poden exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Administración responsable dos ficheiros, mediante escrito dirixido á Presidencia do Consorcio.

Artigo 6. Réxime de protección de datos.

Os ficheiros que se crean mediante esta Ordenanza quedan sometidos ás disposicións da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento. Os datos rexistrados nos ficheiros regulados nesta Ordenanza serán usados exclusivamente para a finalidade e usos para os que foron creados.

Artigo 7. Cesiões de datos.

Sen prexuízo das cesións de datos que en relación con cada ficheiro se prevén no Anexo I da presente norma, os datos incluídos nos mesmos poderán ser cedidos nos termos que dispón o artigo 93 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, nos ámbitos dos Ministerios correspondentes, así como aos organismos e entidades deles dependentes, para o cumprimento das funcións que lles encomenda o ordenamento xurídico e versen sobre competencias e materias similares.

Así mesmo, tamén poderán ser cedidos ao Instituto Nacional de Estatística para o desenvolvemento das funcións que lle atribúe a Lei da Función Estatística Pública, e aos servizos estatísticos da Comunidade Autónoma.

De igual xeito, os datos incluídos nos ficheiros poderán ser cedidos, con carácter xeral, cando fora esixido por disposición legal ou, no seu caso, por resolución xudicial ou administrativa ou cando se refira ás partes dun contrato ou precontrato relativo a unha relación negocial, laboral ou administrativa existente entre a entidade e os afectados.

Artigo 8. Inscrición no “Registro General de Protección de Datos”.

De conformidade co o establecido no artigo 39.2 a) da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o presente ficheiro será inscrito no “Registro General de Protección de Datos”.

Artigo 9. Aprobación, entrada en vigor e vixencia da presente ordenanza.

A presente ordenanza unha vez aprobada conforme ao disposto polo artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases do Réxime local, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da provincia da Coruña, cumpridos os trámites establecidos no el artigo 70.2 desa mesma norma e permanecerá vixente de forma indefinida ata en tanto non se proceda á súa modificación ou derogación de carácter expreso.



ANEXO I DA ORDENANZA

Ficheiro número 1: REXISTRO XERAL.

1. Identificación do ficheiro:

1.1. Denominación: Rexistro Xeral

1.2. Descrición da súa finalidade e usos previstos para o meso: Xestión das entradas e saídas no Rexistro (arts. 151 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais). Os usos que se darán ao ficheiro son os derivados da tramitación dos documentos rexistrados. As facturas se remitirán, á súa vez, ao Rexistro de Facturas para a propia tramitación (art. 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro).

2. Orixe de los datos:

2.1. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Emisores de documentos enviados desde o Consorcio e receptores de documentos enviados ao Consorcio, ademais das que, no seu caso, afecte o documento.

2.2. Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: O propio interesado ou seu representante legal, outras Administracións. Formularios. Instancias.

3. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo e sistema de tratamento:

3.1. Soporte papel e informatizado. Sistema de información ao que pertence: programa informático facilitado polo servizo de asistencia da Deputación provincial da Coruña.

3.2. Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI/CIF, dirección postal. Teléfono. Datos relacionados co documento presentado.

4. Medidas de seguridade:

Nivel básico. As medidas correspondentes a este nivel, segundo o establecido no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

5. Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación u oposición:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. Presidencia.

Dirección: Polígono Rúa do Bronce, parcela G2. Polígono Industrial de Bértoa. 15105-Carballo (A Coruña)

6. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos:

Se prevén cesións a outras Administracións (artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común) e aos interesados.

Non se prevén transferencias internacionais de datos:

7. Órgano responsable do Ficheiro:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.



Ficheiro número 2: XESTIÓN ECONÓMICA, PRESUPOSTARIA E CONTABILIDADE.

1. Identificación do ficheiro:

- 1.1. Denominación: xestión económica, presupostaría e contabilidade.
- 1.2. Descrición da súa finalidade e usos previstos para o mesmo: Este ficheiro ten como finalidade a xestión económica e contable do Consorcio e do seu patrimonio, os usos son os derivados da xestión económica da entidade así como para a fiscalización interna e externa.

2. Orixe dos datos:

- 2.1. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos: Os contribuíntes, os terceiros relacionados coa entidade, provedores e acredores e os empregados públicos da propia entidade.
- 2.2. Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: o propio interesado ou o seu representante legal, outras Administracións públicas así como a xestión económica.

3. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo e sistema de tratamento:

- 3.1. Soporte papel e informatizado. Sistema de información ao que pertence: programa informático facilitado por el servizo de asistencia da Deputación provincial da Coruña.
- 3.2. Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI/CIF, dirección postal. Teléfono. Datos relacionados co documento presentado. Datos económico-financeiros: número de conta bancaria, importes económicos. Datos xenéricos: data apunte, tipo de operación, importe, aplicación presupostaria, concepto extra presupostario, elemento do inmovilizado.

4. Medidas de seguridade:

Nivel básico. As medidas correspondentes a este nivel, segundo o establecido no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

5. Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación u oposición:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. Presidencia.

Dirección: Polígono Rúa do Bronce, parcela G2. Polígono Industrial de Bértoa. 15105-Carballo (A Coruña)

6. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos:

Se prevén cesións a outras Administracións (artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común) e aos interesados.

Non se prevén transferencias internacionais de datos:

7. Órgano responsable do Ficheiro:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.



Ficheiro número 3: NÓMINAS - PERSOAL.

1. Identificación do ficheiro:

1.1. Denominación: nóminas-`persoal

1.2. Descrición da súa finalidade e usos previstos para o mesmo: Este ficheiro ten como finalidade a xestión da nómina do persoal adscrito á entidade. Os usos serán os derivados da emisión da nómina do persoal adscrito ao consorcio en calidade de empregado público, así como os destinados ás retencións de carácter fiscal e social que corresponda.

2. Orixe dos datos:

2.1. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Os empregados públicos da entidade.

2.2. Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: o propio interesado.

3. Estructura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo e sistema de tratamento:

3.1. Soporte papel e informatizado. Sistema de información ao que pertence: programa informático facilitado polo servizo de asistencia da Deputación provincial da Coruña.

3.2. Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI/CIF, dirección postal. Número da Seguridade Social/Mutualidade. Número de rexistro persoal. Datos de características persoais: sexo, estado civil, nacionalidade, data de nacemento, datos familiares. Datos de saúde: baixas por enfermidade e minusvalía. Maternidade. Datos académicos e profesionais: titulacións, formación e experiencia profesional. Datos de detalle de emprego e carreira administrativa: Corpo/escala/subescala, categoría, grupo, subgrupo, nivel posto de traballo. Datos non económicos de nómina. Historial do traballador. Datos económico-financeiros: datos de conta bancaria e percepción de haberes. Outros: datos de compensacións, indemnizacións, dietas.

4. Medidas de seguridade:

Nivel básico. As medidas correspondentes a este nivel, segundo o establecido no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

5. Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación u oposición:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. Presidencia.

Dirección: Polígono Rúa do Bronce, parcela G2. Polígono Industrial de Bértoa. 15105-Carballo (A Coruña)

6. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos:

Entidades bancarias. Axencia Estatal de Administración Tributaria e Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Non se prevén transferencias internacionais de datos.

7. Órgano responsable do Ficheiro:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.



Ficheiro número 4: XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

1. Identificación do ficheiro:

- 1.1. Denominación: Xestión tributaria e recadación.
- 1.2. Descrición da súa finalidade e usos previstos para o mesmo: este ficheiro ten como finalidade a xestión tributaria e de recadación dos tributos do Consorcio (taxas e contribucións especiais), emisión de certificados e, remisión prevista de datos ao servizo de recadación da Deputación provincial da Coruña para a xestión do cobro na aplicación referente á taxa pola prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamentos.sdtv

2. Orixe dos datos:

- 2.1. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: todos aqueles que resulten beneficiarios ou soliciten os servizos sobre os que recae o feito impositivo.
- 2.2. Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: o propio interesado ou o seu representante legal. Na xestión tributaria da taxa pola prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamentos, tamén as empresas concesionarias dese servizo.

3. Estructura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo e sistema de tratamento:

- 3.1. Soporte papel e informatizado. Sistema de información ao que pertence: programa informático facilitado polo servizo de asistencia da Deputación provincial da Coruña.
- 3.2. Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI/CIF, dirección postal do interesado ou o seu representante legal. Na xestión tributaria da taxa pola prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento, tamén a denominación, CIF, dirección postal da empresa, representante legal e compañía aseguradora. Outros datos: datos da solicitude e, na xestión da taxa polo servizo de prevención, extinción de incendios e salvamentos tamén datos de circunstancias comerciais, sociais e datos económico-financeiros.

4. Medidas de seguridade:

Nivel básico e, no que atinxe á xestión da recadación pola prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamentos respecto do contido dos partes de intervención, nivel alto. E coas medidas que corresponden a estes niveis segundo o establecido polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

5. Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. Presidencia.

Dirección: Polígono Rúa do Bronce, parcela G2. Polígono Industrial de Bértoa. 15105-Carballo (A Coruña)

6. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos:

Entidades aseguradoras. Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña (art. 7 e concordantes Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, RDL 2/2004, de 5 de marzo). Non se prevén transferencias internacionais de datos.

7. Responsable do Ficheiro:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.



Ficheiro número 5: REXISTRO DE CHAMADAS PARQUES DE BOMBEIROS.

1. Identificación do ficheiro:

- 1.1. Denominación: Rexistro de chamadas parques de bombeiros.
- 1.2. Descrición da súa finalidade e usos previstos para o mesmo: Gravación das chamadas telefónicas con orixe ou destino nos parques comarcais de bombeiros pertencentes ao Consorcio co fin de garantir a fiabilidade do servizo.

2. Orixe dos datos:

- 2.1. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: os que realicen chamadas aos parques comarcais ou as reciban destes para o fin previsto.
- 2.2. Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: datos recollidos por medio da gravación da chamada telefónica.

3. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo e sistema de tratamento:

- 3.1. Soporte informatizado. Sistema de información ao que pertence: Sistema de Gravación Mirra IV.
- 3.2. Datos de carácter identificativo e de salvamento.

4. Medidas de seguridade:

Nivel alto. As medidas correspondentes a este nivel, segundo o establecido no Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro.

5. Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. Presidencia.

Dirección: Polígono Rúa do Bronce, parcela G2. Polígono Industrial de Bértoa. 15105-Carballo (A Coruña)

6. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos:

Non se prevén cesións de datos.

Non se prevén transferencias internacionais de datos.

7. Responsable do Ficheiro:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.



Ficheiro número 6: CONVOCATORIAS PERSOAL.

1. Identificación do ficheiro:

1.1. Denominación: Convocatorias persoal

1.2. Descrición da súa finalidade e usos previstos para o meso: xestión das convocatorias para empregados públicos que poida realizar o Consorcio en calquera das modalidades previstas no Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

2. Orixe de los datos:

2.1. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: as persoas interesadas en participar nas convocatorias públicas.

2.3. Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: o propio interesado segundo as bases das distintas convocatorias. Formularios. Instancias.

3. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo e sistema de tratamento:

3.1. Soporte papel e informático (tratamento de textos).

3.2. Datos de carácter identificativo: nome e apelidos, DNI/CIF, dirección postal, data nacemento, nacionalidade, datos académicos e curriculares, teléfono, datos relacionados co documento presentado e convocatoria.

4. Medidas de seguridade:

Nivel básico. As medidas correspondentes a este nivel, segundo o establecido no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

5. Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación u oposición:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. Presidencia.

Dirección: Polígono Rúa do Bronce, parcela G2. Polígono Industrial de Bértoa. 15105-Carballo (A Coruña)

6. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos:

Se prevén cesións a outras Administracións (artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común) e aos interesados.

Non se prevén transferencias internacionais de datos:

7. Órgano responsable do Ficheiro:

Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a Ordenanza que precede aprobouna inicialmente, tal e como consta, o Pleno do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en sesión realizada o día 13 de febreiro de 2012.-

Carballo, 14 de febreiro de 2012.-

A secretaria – interventora.-

Asdo.: M. Blanca Estévez Sánchez